



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

ISABEL GIL ÁLVAREZ, deputada do Grupo Provincial Socialista da Deputación Provincial de Ourense, en base ó previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

EXPÓN

Que tendo solicitado o acceso no Concello de Ramirás, desde o pasado 5 de abril de 2018, aos expedientes completos das obras subvencionadas de acondicionamento da praza do núcleo da Corredoira e mellora de camiño na Corredoira, incluíndo as memorias ou proxectos correspondentes e constando que o alcalde (tal como reflicte a acta plenaria) lle comunica que se facilita o acceso aos mesmos;

Que a día de hoxe, esta concelleira e deputada provincial non tivo acceso a ningún dos expedientes antes referidos a pesar de que a solicitude ten sido reiterada en varias ocasións e obtendo sempre a resposta de que se lle facilitará sen que chegue nunca a materializarse;

Polo que,

SOLICITA

Acceso ao expediente completo da adxudicación do contrato menor para execución de obra de praza na Corredoira nº 56/16/2018 en Ramirás por importe de 39.669,42 euros a Construcciones Núñez Mateo SL (decreto de Presidencia nº24 de 12 de setembro de 2018).

En Ourense, 26 de novembro de 2018

Asinado: Isabel Gil Álvarez

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

www.psdegpsdepoourense.es

socialstaourense@gmail.com

Facebook: PSdeGDepOU

Twitter: @PSdeGDepOU